

PENÉLOPE ROMPEU O TEAR

O proceso de desconstrucción da literatura "patriarcal" operado por moitas das autoras actuais dá lugar a unha escrita -denominada xinocéntrica- onde é habitual a elaboración dun mundo mítico, creado, ás veces, mediante a subversión dos mitos patriarcais clásicos. Este é o caso da segunda obra de Ana Romaní: *Das últimas mareas*¹.

O mundo marítimo que nos ofrecía a autora en *Palabra de mar*² aparece neste poemario ligado á vivencia da singradura e a viaxe. Amósanos agora, mediante as experiencias de Ulises e Penélope, as dúas caras destes símbolos arquetípicos e convídanos a reflexionar sobre a diferenza que supón, para ambos, o feito da viaxe nunha cultura baseada na dicotomía home/muller. A lenda afirma a fidelidade absoluta de Penélope -que urde a treta de tecer e destecer a tea para evitar un novo matrimonio- mentres agarda o retorno de Ulises. Mais, desde a negación do mito patriarcal, descúbrenos outra posible viaxe.

Penélope inicia o tránsito polos seus "camiños dispersos" na dor da partida, a ausencia e o anhelos dun regreso que sabe tardío. Os recordos aínda están vivos e "*ule esta hora como cando regresas/ e soño eguas agallopando na mar brava*", mais pronto aparece o desalento, a consciencia do abandono - "*sei/ do longo camiño que te leva/ do amor ó abandono*"- e o esquecemento "*pois tan pronto medrou o olvido/ como tarde pechou nas entrañas/ a cicatriz da espada*". Comeza entón a tecer a tea que lle cubra as feridas xa que só é posible perder "*nos tecidos/ o valor preciso/ para nos trocar eternamente sal*", feito que lle confire a certeza de que a saída do labirinto só é unha: "*que saiba espirme/ tan levemente do teu nome/ que non desperte/ o corazón*". E así, espida, asume xunto coa dor polo tempo perdido -"*Saber que tempo houbo para o amor, quizais,/ e foi inútil*"- a negación dunha esperanza futura:

*Soubo despois que soñar outros nomes con luz
sería inútil.*

*Co tempo, foi incapaz de recuperar o dorso feliz
do trigo na voz.*

*Enmolecidas vogais configuraron a linguaxe
da perda.*

¹ Ana Romaní, *Das últimas mareas*, Espiral Maior, A Coruña, 1994

² Ana Romaní, *Palabra de mar*, Santiago de Compostela, 1987

Mentres, os "camiños dispersos" da viaxe trouxeron a Ulises de volta para enfrontalo cun fracaso que Penélope lle anuncia: *"Cando ela foi requerida,/ el, que tiña fondos sulcos de silencio no rostro,/ soubo do inútil que fora a renuncia./ E a partida debuxou nos seus ollos/ toda a derrota/ que agora eu tezo cos meus dedos."* Debe entón asumir que a derrota lle nega o retorno á súa verdadeira casa: a memoria, aquel tempo onde vive a paixón, *"o camiño/ esquecido da inocencia"* que Penélope xa abandonou. Ulises comprende *"que o tempo transcribirá na luz/ a imposibilidade do regreso"* porque ese amor, que Penélope custodiaba, acabou por rompérselle nos dedos mentres tecía por causa do seu esquecemento:

*Alguén había, trala porta dese outono,
que agochaba silencioso os mapas do regreso,
e agardaba.
Esqueceu, quen as palabras agora procura,
que as rotas se debuxan
tan lentamente e só no corazón.*

Situados ambos "No labirinto" cada un escolle un camiño diferente. Penélope -asumido o seu abandono e consciente de que *"Agora somos só este silencio/ e unha amara sabiduría/ a subirnos polas veas"*- ve como o tempo vai destruindo as cousas que os unían, os obstáculos para consumir esa traición a que a impulsan os días. Rompe entón coa conducta de fidelidade extrema, imposta polos preceptos patriarcais, para vivir o seu carácter demoníaco de muller-serpe, oposto ó anxélico da espera, e vai sendo invadida de raiba tanto polo tempo perdido *"sabía doutros precipicios posibles/ nos que perder a fe inutilmente"*- como pola dor desa singradura amarga que os reúne no mesmo punto de partida alongándoos, a un tempo, máis que nunca. Decide, pois, unir os seus esforzos a outras mulleres -Rosalía, Emily Dickinson, Edith Södergran e as que *"camiñan descalzas polas rochas,/ pantasma de sal habitan as sombras,/ saben que as últimas mareas/ esqueceron na praia os restos do naufraxio"*- preparando o retorno a un mundo prepatriarcal onde rexen as deusas nai comunicadas intimamente coa natureza. Xa que só elas poden reconstruír o roto, facer permanecer o efémero, subvertir a Historia. Pero sabe que esta ruptura ten de comportar un castigo

*Castigada será quen nas noites
esvara polas fontes coma serpe
en salmos de desobediencia
e desexos de desterro.*

Ulises intenta asumir a dor desa separación que se fai patente no reencontro, a realidade da súa derrota, a inutilidade da perda dese tempo precioso da xuventude, malgastado nunha aventura frustrada. E únese ós "*cómplices fieis nos propios holocaustos./ Eles, que coñecen a agonía das barandas,/ o imposible equilibrio dos negados*" para compartiren eternamente "*o certo paso dos vencidos*".

Na arribada póñense de manifesto os erros capitais de ambos:

*Ennovelar pensamentos nos aneis,
perder os ollos nas montañas,
aniñar no silencio tan temido
e tecer esperanzas no zaguán.
Ese foi o único erro
que esqueceu Penélope.*

*Demorarse un momento
na contemplación dos dedos,
escoller os ollos máis amados
e iniciar o camiño desde a unlla
ata o cume do abandono.
Ese foi o único retorno
que esqueceu Ulises.*

Porque a singradura só tivo un final: converter a Ulises e Penélope en dous estraños derrotados. Desde un mesmo punto de partida Ulises viaxaba, aparentemente, cara o futuro -que resulta ser o baleiro- e Penélope, devalando cara a nada, acepta e súmase á función atávica feminina na creación dunha utopía matriarcal. Dos dous só ela logrará -rompendo o tear- restaurar a súa vida, reorganizar os soños e ser libre de realizalos.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 655, 5-1-1995, p.26